

ACTA NUM. 5/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 28 DE MARZO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día vinteoito de marzo de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

1.- APROBACION ACTA ANTERIOR.

2.- LIQUIDACION EJERCICIO DE 2011

3.- PLAN DE AXUSTE PARA FINANCIACION DO PAGAMENTO A PROVEEDORES

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.

Dada conta da acta anterior de data 5.03.2012, corríxese a relación de asistentes incluíndo a Dna Margarita Canay Pintos. Aprobase a acta por unanimidade coa corrección sinalada.

2.- LIQUIDACION EJERCICIO DE 2011

Dase conta do Resolución do Sr. Alcalde de data pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio de 2011 que se transcribe a seguir:

RESOLUCION DA ALCALDÍA

En Barro, o día 28 de xaneiro de 2012, D. JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN, alcalde deste Concello de Barro, dicta a seguinte resolución:

Antecedentes

1. Rematado o exercicio económico de 2010, fixéronse as operacións de peche e liquidación do citado exercicio económico.

2. O resumo do resultado da liquidación é o seguinte:

REMANENTE DE TESOURERIA A 31-12-2011

	IMPORTES ANO 2011	IMPORTES ANO ANTERIOR 2010
1. () Fondos líquidos	55.814,34	185.779,41
2. () Dereitos pendentes de cobro	240.182,07	566.359,69
() do Orzamento corrente	156.854,90	154.429,98
() de Orzamentos pechados	82.437,47	456.106,57
() de operacións non presupostarias	889,70	209,70
(-) cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	44.386,56
3. (-) Obrigacións pendentes de pago	1.212.931,68	1.545.123,31
() do Orzamento corrente	498.247,87	522.777,99
() de Orzamentos pechados	633.281,28	701.199,41
() de operacións non presupostarias	81.402,53	385.816,44
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	64.670,53
I. Remanente de tesourería total (1 2 - 3)	-916.935,27	-792.984,21
II. Saldos de dubidoso cobro	0,00	291.434,13
III. Exceso de financiamento afectado	77.311,77	263.176,92
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)	-994.247,04	-1.347.595,26

RESULTADO PRESUPUESTARIO A 31-12-2011

	Dereitos recoñecidos netos	Obrigacións recoñecidas netas	AXUSTES	RESULTADO presupuestario
a. Operacións correntes	1.711.594,83	1.519.734,50		191.860,33
b. Outras operacións non financeiras	403.997,32	510.533,03		-106.535,71
1. Total operacións non financeiras (a b)	2.115.592,15	2.030.267,53		85.324,62
2. Activos financeiros	0,00	0,00		0,00
3. Pasivos financeiros	0,00	34.558,20		-34.558,20
RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EJERCICIO	2.115.592,15	2.064.825,73		50.766,42

AXUSTES

4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos gral.	0,00	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	77.311,77	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO		-26.545,35

Fundamentos xurídicos

É competencia do alcalde a aprobación da liquidación do orzamento, segundo dispoñen os artigos 90 e 91 do Rd. 500/90, do 20 de abril, e os artigos 191, 192 e 193 do Rdl. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Resolvo

Primeiro.- Aproba-la liquidación do orzamento deste Concello de Barro, correspondente ó exercicio de 2011, cos datos e resultados que se sinalaron anteriormente.

Segundo.- Dar conta ó Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

Así o manda e firma o Alcalde, na data indicada e como secretario dou fe.

O ALCALDE

Ante min,
O SECRETARIO

Os membros da corporación danse por enterados

3.- PLAN DE AXUSTE PARA FINANCIACION DO PAGAMENTO A PROVEEDORES**ANTECEDENTES**

1º.- Con data 13/03/2012 e remitiu a través da plataforma do Ministerio relación certificada prevista no art. 3 do RDL 4-2012 por importe de 1.166.319,83 € non habendose efectuado o pago das obrigacións recoñecidas.

2º.- O art. 7 do RDL 4/2012 prevé:

1. Unha vez remitida a relación certificada prevista no artigo 3, o interventor, en caso de non efectuarse o pago das obrigacións recoñecidas, elevará ao pleno da corporación local un plan de axuste, nos termos previstos neste artigo, para a súa aprobación antes do 31 de marzo de 2012.

2. O plan de axuste aprobado estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento establecida no artigo 10, debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste. En todo caso, o contido do citado plan deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Recoller ingresos correntes suficientes para financiar os seus gastos correntes e a amortización das operacións de endebedamento, incluída a que se formalice no marco da presente norma;

- b) As previsións de ingresos correntes que conteña deberán ser consistentes coa evolución dos ingresos efectivamente obtidos pola respectiva entidade local nos exercicios 2009 a 2011;
- c) Un adecuado financiamento dos servizos públicos prestados mediante taxa ou prezos públicos, para o que deberán incluír información suficiente do custo dos servizos públicos e o seu financiamento;
- d) Recoller a descrición e o calendario de aplicación das reformas estruturais que se vaian a implementar así como as medidas de redución de cargas administrativas a cidadáns e empresas que se vaian a adoptar nos termos que se establezan por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos;
- e) Calquera outros requisitos que se establezan por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. O Plan de axuste poderá incluír modificación da organización da corporación local.

4. O plan de axuste deberá remitirse pola entidade local o día seguinte da súa aprobación polo pleno ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con firma electrónica, quen realizará unha valoración do plan presentado, e comunicaralla á entidade local nun prazo de 30 días naturais a contar desde a recepción do plan. Transcorrido devandito prazo sen comunicación da citada valoración, esta considerárase desfavorable.

5. Valorado favorablemente o plan de axuste entenderase autorizada a operación de endebedamento prevista no artigo 10.

A disposición adicional terceira do RDL 7/2012 no seu apartado 5 sinala que o plan de axuste regulado no artigo 7 do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, elaborárase polas respectivas corporacións locais, de acordo coa súa potestade de autoorganización, e presentárase, con informe do interventor, para a súa aprobación polo pleno da corporación local.

3º.- Consta no expediente relación de facturas de 25 provedores por importe de 1.166.319,83 que foi enviada ao Ministerio de Hacienda e que representan o 65,84% do orzamento para o exercicio de 2012. A esta contidade habería que engadirlle o importe de 310.642,76 da conta 413 *acreedores por operacións pendentes de aplicar o presuposto* a 12/03/12 co que a debida pendente ascendería a 1.476.962,59 que representa o 83,38 % do orzamento para o 2012. A isto que engadir as obrigas correntes do propio exercicio de 2012 e as conseguintes dificultades de tesourería para facer fronte o pago dos gastos correntes.

Así mesmo consta o plan de axuste con unha previsión a 10 anos, ata o 2022, no que se recolle a previsión do incremento da recadación por I.B.I. de Urbana debido a ponencia de valores en realización pola Dirección Xeral do Catastro prevendose o comezo da súa aplicación na recadación a partir do exercicio de 2013; para o incremento de ingresos o plan de axuste prevé o progresivo incremento de taxas que reducirán o déficit de algúns servizos; polo que se refire os gastos prevese, entre oñutros, a redución do importe de horas extra, a redución do consumo de enerxía eléctrica ata chegar a un 30% e sobre todo a limitación das inversións as disponibilidades de financiación externa.

Prevé a normativa citada o carácter vinculante do Plan de Axuste para o Concello durante a súa duración con informes anuais de Intervención sobre o seu

cumplimento e seguimento polo Ministerio de Hacienda. Si o plan de axuste é valorado favorablemente polo Ministerio entenderase aprobada a operación de endebedamento para a financiación das obrigas de pago, en caso contrario o Ministerio de Hacienda asumirá o pago con cargo as retencións da participación nos tributos do Estado.

FUNDAMENTO LEGAL

- Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro determina obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para el pago aos provedores de las entidades locais.
- Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
- Orde de 9 de marzo por la que se aproban modelos previstos no RDL 4/2012 de 24 de febreiro.

O asunto foi ditaminado en Comisión Informativa de data 28/03/2012

INTERVENCIONES

O Sr. Alcalde, aclara que se somete a aprobación do pleno o documento do plan de axuste no que se inclúen as medidas a adoptar en redución de gastos e incremento de ingresos tendo en conta a repercusión que vai a ter na mellora da recadación a revisión de valores de urbana que comezará a aplicarse no exercicio de 2013

Sr. Fernandez Abraldes do BNG, sinala que a situación económica a que se chegou debese a que ou Sr. Alcalde non foi quen de correxir os erros na xestión económica durante moitos anos e mostra a súa disconformidade coa forma de acometer a necesidade de financiamento dos concellos polo Goberno do Estado.

Sr. Sanmartín Soto, anuncia o voto en contra do seu grupo do PSOE por entender que o plan non vai a resolver o problema.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por maioría absoluta, 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e 5 votos en contra: votan os Sres.: Fernández Abraldes, Roberto Ribas reboredo, Dna. María Xesús Castro Calviño (BNG), Sr. Sanmartín Soto e Margarita Canay Pintos (PSOE):

PRIMEIRO.- Prestar a probación ao Plan de Axuste coas medidas de redución de gastos e incrementos de ingresos previstas no mesmo que se estenderá durante o período da súa vixencia.

SEGUNDO.- Asumir os compromisos previstos na normativa reguladora durante a vixencia do devandito plan.

TERCEIRO.- Remitir o Plan de Axuste ao órgano competente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

CUARTO.- Asumir os órganos municipais con competencia en materia de xestión económica o compromiso de elaboración dos orzamentos axustados as previsións reais de gastos e ingresos respetando o procedemento legalmente establecido na xestión do gasto e na realización dos pagos.

4.- MOCIONS PRESENTADAS

4.1. MOCION DO PSdG-PSOE SOBRE USO DA AUGA POLA SECA

Sr. Sanmartín Soto, anuncia a retirada da moción debido o incendio da fábrica de Madeiras Vilanova en Curro

4.2. MOCION DO BNG SOBRE A MELLORA NA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA PO-531.

O Sr. Fernández Abrales mantén a proposta de tratar a súa moción tendo en conta se trata dun tema que afecta a seguridade viaria e non haberá ocasión para tratar a asunto ata a vindeira sesión plenaria prevista para dentro de dous meses. Aclara que a súa moción trata sobre medidas de seguridade no nudo pequeno de Curro tendo en conta a paralización das obras, a posible modificación do proxecto inicial e a necesidade de garantir o paso dos peatóns pola zona en condicións de seguridade.

O Sr. Alcalde aclara que na obra do nudo pequeno situado no lugar de Fonte de Curro xunto a igrexa na PO-531 plantexáronse problemas de técnicos de deseño que veñen dados pola modificación no trazado do nudo grande que fai que o trazado do nudo pequeno non reúna as condicións axeitadas para soportar o tráfico previsto, polo que se está facendo un rediseño do proxecto antes de continuar a execución das obras. Polo que a paralización das obras se debe a necesidade de modificacións sobre o proxecto inicial para melloralo e mostra o apoio do seu grupo a unha proposta consensada sobre o problema de seguridade.

Sr. Fernández Abrales, mostra o seu acordo coa proposta e insiste na necesidade de demandar, ademais da mellora do proxecto, medidas de seguridade para os peatóns mentras as obras esten paralizadas e durante a execución das mesmas tendo en conta a alta densidade de tráfico rodado sin alternativas para o cruce dos peatóns.

Sr. Sanmartín Soto, mostra o apoio do seu grupo as medidas demandadas.

Sometido o asunto a votación acordase por unanimidade:

Solicitar da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras o estudo dunha solución técnica que garantice a seguridade vial no deseño e execución das obras do nudo pequeno situado na estrada PO-531 perto da igrexa de Curro adoptando as medidas necesarias para garantir a seguridade dos peatóns no deseño do trazado e durante a execución das obras.

A sesión rematou ó fin das vinte e unha horas e dez minutos. Dou fe.